



## **ACTA DA REUNIÓN DO 14 DE SETEMBRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTERPRETACIÓN DA LINGUA DE SIGNOS.**

### **PRESIDENTE:**

D. Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia

### **VOGAIS:**

Dª. Marisol Soneira Tajés  
Vicepresidenta 2ª do Parlamento de Galicia

D. José Manuel Balseiro Orol  
Secretario do Parlamento de Galicia

Dª. María Aneiros González  
Letrada do Parlamento de Galicia

Dª. María del Carmen Fernández da Silva  
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

### **SECRETARIO:**

D. Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento, ás 17,00 horas do **14 de setembro de 2015**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación, mediante procedemento aberto, dos servizos para a prestación do servizo de interpretación da lingua de signos.

### **Orde do día:**

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

### **Desenvolvemento da reunión:**

Invítase a que accedan á sala os representantes presentes das empresas concorrentes:

D. David Fernández García (dni nº 76412075A), en representación da UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982.

D. Iker Sertucha Liste (dni nº 32822404R), en representación de Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

O presidente anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura do anuncio de licitación publicado no Diario Oficial de Galicia nº 153, do 13 de agosto de 2015. Ningún dos presentes o solicita.

Acto seguido comunícase o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión e inadmisión das proposicións presentadas polas empresas reflectidas na certificación expedida polo xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria, que son as seguintes:

EMPRESA	registro núm.:
UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982	40114
Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia	40117

Do estudo da documentación presentada polas empresas nos sobres "A" resulta que deben ser admitidas; non hai, polo tanto, empresas excluídas.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

O presidente invita aos presentes a que examinen os sobres "B", e comprobem que se atopan pechados e nas condicións nas que foron entregados. Informa que poden efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas antes de proceder á apertura dos sobres pero que unha vez iniciada, non se admitirán interrupcións, e que a documentación neles contida remitírase ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación, e que a puntuación asignada respecto dos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, darase a coñecer no acto público de apertura dos sobres "C".

Procédese a continuación á apertura dos sobres presentados. O presidente anuncia aos presentes poden examinar a documentación contida nos sobres "B".

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 17,16 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.

 Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente	 Marisol Soneira Tajés Vogal
 José Manuel Balseiro Orol Vogal	 María Aneiros González Vogal
 María del Carmen Fernández da Silva Vogal	 Santiago González Serrano Secretario